

Narrativa

Caro Sangue: “Quen esquece a súas raíces perde a súa identidade”

Francisco CALVO DEL OLMO

Caro Sangue:

Caro Sangue, ti non agardas recibir ningunha carta miña porque ti nin sequera me coñeces. O mesmo que eu non te coñezo a ti, nin sequera sei o teu nome. Porén, hai pouco tempo souben da túa existencia e do parentesco que existe entre nós. Si, ti e mais eu, que vivimos en países distintos, compartimos unha orixe común, uns alicerces de sangue que se enterran no pazo ancestral dos nosos devanceiros, alá na Galiza.

Caro Sangue, en primeiro lugar teño que che explicar como souben da túa existencia. Hai xa algúns meses, volvíñ á pequena e esquecida aldea dos nosos avós. Hei recoñecer que aquel lugar me impuxo certo respecto dende o mesmo momento en que cheguei; os muros de pedra e máis as rúas estreitas, que aínda hoxe conservan un cheiro a centeo e a gando, semellaban cheos de lembranzas, de misterios. Dentro do noso ruinoso pazo, crin ver estrañas sombras que estaban a danzar arredor do lume, e os gatos, que ocuparan todos os currunchos, ollaban para min con ollos inquisitivos.

Nun baúl rillado polo tempo atopei unha caixa vella de cartón, e dentro dela unha fotografía arrasada polos anos. Na imaxe aparecían teus pais de cativos, enleados entre a saia dunha anciá nervuda. Xogaban a carón dunhas maletas nas que se empaketara coidadosamente toda a súa vida. Alí, no peirao de Vigo, agardaban o barco que os levaría alén do mar, ás praias alleas dunha terra allea. Até entón toda a vida deses rapaces consistira en soñar, en escoitar as cancións de trasnos e santos que a vella lles debía cantar. E agora tiñan que deixar aquel mundo primordial para se enfrontaren a un futuro incerto lonxe das persoas e da terra que amaban. A pobreza dos seus pais obrigáboas a fuxir, a deixalo todo atrás coa vaga esperanza dun mañá máis próspero. Nun lado da imaxe aparece unha meniña que suxeita unha pesada maleta coas súas manciñas entremetres grosas bágoas caen dos seus ollos. Tamén semella que se lle está a partir a alma á anciá nervuda ao ver mar-

char os rapaces que alumeaban a súa velleira. Semella que o seu corazón se esgaza en silencio; unha parte débérona levar seus fillos emigrantes que marcharon no barco; a outra conservaríana os que ficabamos na terra...

Ao ollar a faciana da anciá, resesa coma a pel dun lagarto, sinto un fondo arreguizo. A súa faciana engurrada e os seus cabelos xa murchos, matizados co gris da fotografía, semellan soportar todo o peso da eternidade. E diríase que no seu ollar remoto habitase unha sabedoría ancestral.

Quen diría que os seus ollos non visen o séquito de Breogán, a Santa Campaña, as sereas que cantaban nas rías ou o Apóstolo Santiago? Quen diría que aquela campesina de mans calosas non fose, verdadeiramente, unha meiga? E se así fose, entón, herdariamos nós unha pinga dese sangue arcano e máxico, dese sangue precioso que dunha vez corra polas veas dos guerreiros celtas?

Caro Sangue, quéroche contar unha fábula, un soño, que tiven a outra noite. Nel aparecía unha muller, cuberta cun manto verde coma as fragas de faias, que camiñaba descalza a carón da beira do mar. Tiña os cabelos longos e ondulados coma a foula e os ollos fondos e cristalinos. Mais o brancor da súa pel estaba adentado no nocello e no pulso polos sinais dunhas cadeas. A muller cantaba con dozura, chamando os seus fillos dende a fisterra do mundo, dende a noite do tempo. Coido que, nunha idade remota, aquela muller, fermosa e esgazada, escrava e orgullosa, salvaxe mais sabia, xerou aquela raza de meigas, engurradas, nervudas, da que debeu formar parte a anciá da fotografía... Acho que iso explicaría o misterio do seu ollar.

Caro Sangue, agora xa sabes que somos familia, unha familia que as mareas do tempo espallaron polas dúas beiras do océano. Vivimos separados por esta inabranquibel extensión de auga, por este océano bretemoso que remexe as súas escumas verdes no eterno loitar das ondas. No país onde ti habitas aínda brilla a Cruz do Sur cando no meu xa amenceu; e cando aquí apertan as fria-

xes do inverno, alí abafades cos lumes do verán e viceversa. Vivimos en dous mundos diferentes, mais ambos os dous sabemos que ao Norte, á outra beira do mar para ti, alén das montañas para min, hai unha terra inmorredoirá, ancestral, o mundo arcaico dos nosos devanceiros.

Ti naciches de sangue de escravos negros, de nais indias e de emigrantes galegos. En min, conviven as dez mil nacións que chegaron á Península co decorrer dos séculos. Emporiso, entre ti e min hai unha chave para o entendemento alén dos anos, dos mares que nos separan, da raza e do Estado a que pertencemos; está o tesouro común que herdamos dos nosos pais. Caro Sangue, compartimos a lingua galega, na que che escribo, na que as nosas avoas nos cantaran con palabriñas doces postas nos seus beizos morriñentos e engurrados. E agora este rústico e doloroso idioma, estigmatizado e desprezado noutrora polos poderosos, preservado ao longo de xeracións no santuario do lar, volve connosco e ábrenos un medio de entendemento.

Falemos pois entre nós. Agora que sei que existes non podería deixar de querer saber cousas de ti; descoñezo todo da túa vida. Como será o solpor alá onde ti vives? Porque aínda que o sol nace e agáchase en todo o mundo, non todos os ceos son igual de limpos, nin todas as nubes se saben tinxir co milleiro de cores do lusquefusque. Sexan como foren as pradarías que ti pises e as cidades nas que habites sei que unha lembranza

morriñenta se debe agochar no máis íntimo da túa alma, unha incomprendible nostalxia de desenraizamento e exilio. Ou é que non pensaches o que hai na outra beira do mar cando paseas polas túas praias arxentinas? Sentíralo coma eu o sinto. Si, irmán Sangue, aínda que eu fique na terra e non marche alén do mar, tamén sinto morriña da nosa patria. Pois esa tristura de perda e exilio tamén a sinto cando viaxo á Galiza e descubro as xentes que desprezan, que esquecen a nosa fala. Entón confúndeme o incomprendible paradoxo do noso idioma: Como é posíbel que sendo algún dos seus dialectos o vehículo do poder e da cultura nos cinco continentes, sexa aquí, na terra onde xurdiu, unha lingua subordinada?

Malia todo isto, Caro Sangue, eu pídoche que non esteas triste, porque a esencia da nosa patria levámola nos nosos beizos, nas nosas palabras. Porque a nosa terra facémola nós cada día, e ti tamén es parte dela. E, ao remate, todas as terras, todas as razas, todos os mares que nos arredan, tórnanse pequenos, fanse insignificantes ante todo o que compartimos. Ante o noso vencello ancestral que, despois de longos anos de abandono e esquecemento, volvemos atopar.

Caro Sangue, só resta dicirche adeus. Mais non un adeus definitivo como o que dixeron teus pais cando marcharan, senón un adeus que é un “*ola*”, que é un saúdo ao secular reencontro que ha ter lugar entre as afastadas comunidades de galegos que perviven en dez mil países diferentes.